



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15665 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000011

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 9 DE XULLO DE 2019

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIRO/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Manuel Blanco López.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

D. José Bello López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 9 de xullo de 2019, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos

seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. CONSTITUCIÓN DE GRUPOS POLÍTICOS.

Abre a sesión o Sr. Alcalde, manifestando que, segundo escrito presentado por cada un dos grupos dirixido á Presidencia, de conformidade co artigo 24 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, os grupos políticos municipais quedan constituídos da seguinte maneira:

PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA, PsdG-PSOE.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15665 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000011

MEMBROS: D Mariano Iglesias Castro, D^a Pilar Sánchez Ulloa, D Gervasio Sánchez Barreiro, D José Pardo Álvarez, D. José Manuel Blanco López, D José Fernando García Lesta, D^a María Amparo García Pernas, D. Manuel Méndez Remeseiro, D José Bello López.

VOCEIRO: D. Mariano Iglesias Castro.
VOCEIRA SUPLENTE: D^a Pilar Sánchez Ulloa.

PARTIDO POPULAR:
MEMBROS/VOCEIRO: D Javier López Vázquez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:
MEMBROS/VOCEIRA: D^a Beatriz Louro López.

Os concelleiros quedan enterados

2. ACORDO SOBRE A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), de conformidade cos artigos 46.1 e 46.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, 210.1 e 210.2.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 38.a) e 78.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- As sesións plenarias ordinarias terán unha periodicidade bimensual, celebrando sesión o primeiro venres dos meses pares, ás 13:30 horas, no salón de plenos da Casa Consistorial. Se o día de celebración do Pleno ordinario fose inhábil trasladarase a data de celebración do mesmo ó venres hábil inmediatamente posterior, sen prexuízo de que cando as circunstancias o xustifiquen, previo acordo de todos os grupos municipais, puidera trasladarse a celebración da sesión plenaria ordinaria ao día hábil máis próximo que se acordase.

Mesía, 4 de xullo de 2019.O Alcalde, Asdo./ D. Mariano Iglesias Castro.”

Manifesta o Sr. Alcalde que esta é a sistemática que vense facendo no concello de conformidade coas esixencias legais. Paso a palabra aos voceiros dos grupos.

Toma a palabra á Sra. Louro, quen manifesta que, para favorecer que a xente poida asistir aos plenos é tamén á xente que traballa a quendas, proporía que as sesións plenarias fosen pola tarde, ás dezaioito horas.

Manifesta o Sr. Alcalde que así tamén se prexudicaría á xente que traballa pola tarde. En todo caso, procedemos á votación da súa proposta: Votos a favor: un, correspondente á concelleira do BNG, abstencións, unha, correspondente ao concelleiro do PP, votos en contra: oito, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000011

Vótase de seguido a proposta da Alcaldía, co seguinte resultado: Votos a favor: oito, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, abstencións, unha, correspondente ao concelleiro do PP, votos en contra: un, correspondente á concelleira do BNG. Queda aprobada a proposta.

3. ACORDO DE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓNS DO PLENO NA MESMA.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

"D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), de conformidade cos artigos 20.1.b) e 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, 59.2.b) e 211 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, 35.d) e 112 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Acordar a creación da Xunta de Goberno Local e fixar unha periodicidade quincenal para a celebración das súas sesións, no día e hora que estableza o Sr. Alcalde.

SEGUNDO.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias:

- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación nas materias de competencia plenaria.

- A declaración de lesividade dos actos do Concello

- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento -salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior-, todo isto de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

- As competencias como órgano de contratación respecto dos contratos de obras, de subministración, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando, de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sexan competencia do Pleno por non corresponder á Alcaldía.

- As competencias para celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como a enaxenación do patrimonio, cando, de conformidade coa disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sexan competencia do Pleno por non corresponder á Alcaldía, coa salvedade dos bens declarados de valor histórico o artístico calquera que sexa o seu valor.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000011

- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos no orzamento.

TERCEIRO.- De conformidade co disposto polo artigo 51.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, as anteditas delegacións terán efectos dende o día seguinte á adopción deste acordo, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Mesía, 4 de xullo de 2019. O Alcalde, Asdo./ D. Mariano Iglesias Castro.”

Manifesta o Sr. Alcalde que estas delegacións fanse para unha maior axilidade na xestión de goberno, tendo en conta que todos os grupos recibirán copias das actas aprobadas das sesións de Xunta de Goberno que se celebren. Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: Votos a favor: oito, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, abstencións, dous, correspondentes aos concelleiros do PP e do BNG. Queda aprobada a proposta.

4. ACORDO DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS INFORMATIVAS.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), de conformidade cos artigos 20.1.c), 20.1.e) e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, 38.b), 124, 125 e 127 do Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, 59.2.c) e d), 66 e 68 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, propoño ó Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Constituír a Comisión Especial de Contas, por ser un órgano necesario e preceptivo, segundo o artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, correspondéndolle o exame, estudo e informe de todas as contas, orzamentarias e extraorzamentarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das entidades locais. Coa finalidade de que todos os grupos políticos integrantes da corporación participen neste órgano, a súa composición será:

PSdeG-PSOE: catro membros.

PARTIDO POPULAR: un membro.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO: un membro.

SEGUNDO.- Constituír a Comisión Informativa Permanente de seguimento do PXOM, coa función de examinar e ditaminar os acordos relativos ó Plan Xeral de Ordenación Municipal que deban someterse á consideración do Pleno, celebrando sesións cunha antelación mínima de dous días hábiles á celebración da correspondente sesión plenaria, nos días e horas que estableza o Presidente. Coa finalidade de que todos os grupos políticos integrantes da corporación participen neste órgano, a súa composición será:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000011

*PSdeG-PSOE: catro membros.
PARTIDO POPULAR: un membro.
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO: un membro.*

TERCEIRO.- Conforme ó artigo 125.a) do Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, o Sr. Alcalde é o presidente nato das anteditas comisións, tendo en conta que a adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do voceiro dirixido ao Alcalde- Presidente.

Mesía, 4 de xullo de 2019. O Alcalde, Asdo./ D. Mariano Iglesias Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que propóñense estas dous Comisións, que son as que tiñamos ata agora, pero paso a palabra aos grupos municipais para que manifesten o que lles pareza oportuno.

Toma a palabra a Sra. Louro, que plantexa a posibilidade de constituír una Comisión Informativa de Asuntos Xerais, respostando o Sr. Alcalde que recollemos a petición e a teremos en consideración.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: Votos a favor: nove, oito correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e un correspondente ao concelleiro do PP, abstencións, unha, correspondente á concelleira do BNG. Queda aprobada a proposta.

Incorpórase neste intre á sesión o Sr. Remeseiro.

5. ACORDO DE DETERMINACIÓN DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA, RETRIBUCIÓNS E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:

"D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), de conformidade co previsto nos artigos 75, 75 bis e 75 ter da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, propoño ó Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- O recoñecemento e aprobación da dedicación exclusiva para os seguintes cargos, coas seguintes retribucións:

- Alcaldía: 38.616,06 €, distribuídos en catorce pagas anuais*
- Concellería de educación, cultura, igualdade e xuventude: 24.617,04€, distribuídos en catorce pagas anuais.*

As anteditas retribucións variarán segundo o fagan as retribucións dos funcionarios públicos nas Leis de orzamentos xerais do Estado ou calquera outra que as determine.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000011

SEGUNDO: Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ao Sr. Alcalde e á Sra Concelleira, con efectos dende a data da súa toma de posesión, o 15 de xuño, asumindo o Concello de Mesía o pago das cotas empresariais que correspondan conforme a lei.

TERCEIRO: Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva á sesións dos órganos colexiados da Corporación nas seguintes contías:

Plenos: 50 euros por sesión a cada membro.

Xuntas de Goberno Local: 100 euros por sesión para cada membro.

Comisións Informativas: 90 euros por sesión para cada membro.

CUARTO: Publicar o presente acordo no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Mesía, 4 de xullo de 2019. O Alcalde, Asdo./ D. Mariano Iglesias Castro."

Manifesta o Sr. Alcalde que o salario da alcaldía increméntase nun seis por cento respecto do que viña cobrando, que era o mesmo que tiña dende o xuño de 2010, cando os cargos con dedicación exclusiva decidimos baixarnos o salario segundo recomendación da FEMP en consonancia coa baixada de soldo dos empregados públicos. Debe salientarse tamén que levamos nove anos sen incrementos. O salario da concelleira increméntase un pouco máis pero a súa dedicación e esforzo consideramos que así o merecen.

Paso a palabra aos grupos municipais para que manifesten o que consideren oportuno.

Toma a palabra a Sra. Louro, quen considera que as cantidades que corresponden á Xunta de Goberno Local e ao Pleno deberían estar á inversa, xa que o Pleno é o órgano de maior poder e importancia, respostando o Sr. Alcalde que vistas as delegacións que acordamos antes, a responsabilidade e traballo dos membros da Xunta de Goberno Local e maior, pero tomamos nota.

Continúa o Sr. Alcalde engadindo que neste punto quero deixar constancia de que por parte do grupo político do BNG se me achegou unha emenda a este acordo para estudar unha asignación económica aos grupos políticos, que a concelleira tivo a cortesía de non presentalo na sesión sen coñecemento previo do resto de concelleiros. Quede constancia de que asumimos o compromiso de valoralo, chegar a un acordo entre todos os grupos e traer ao pleno unha postura consensuada.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: Votos a favor: nove, correspondentes aos concelleiros do PSdeG-PSOE, abstencións: dous, correspondentes aos concelleiros do PP e do BNG. Queda aprobada a proposta.

6. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

O Sr. Alcalde da conta da súa proposta, da que o seu teor literal di:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000011

"D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (provincia de A Coruña), en cumprimento do disposto no art. 38.c) do ROF, propoño ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

ÚNICO.- Designar ós seguintes concelleiros para que representen o Concello nos órganos e entidades que a continuación se relacionan:

- *Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes:*
Titular: D. Mariano Iglesias Castro
Suplente: D^a Pilar Sánchez Ulloa
- *Xunta Pericial do Catastro:*
Titular: D. Mariano Iglesias Castro
Suplente: D^a Pilar Sánchez Ulloa
- *Consellos Escolares dos Colexios Públicos e Escolas:*
 - C.P. Xanceda: Titular: D^a Pilar Sánchez Ulloa. Suplente: D. Mariano Iglesias Castro.
 - C.P. Visantoña: Titular: D^a Pilar Sánchez Ulloa. Suplente: D. Mariano Iglesias Castro.
 - Escola de Olas: Titular: D^a Pilar Sánchez Ulloa. Suplente: D. Mariano Iglesias Castro.
- *Asociación de desenvolvemento Comarcal de Ordes:*
Titular: D. Mariano Iglesias Castro
Suplente: D^a Pilar Sánchez Ulloa
- *FEGAMP:*
Titular: D. Mariano Iglesias Castro
Suplente: D^a Pilar Sánchez Ulloa
- *Consortio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar*
Titular: D. Mariano Iglesias Castro
Suplente: D^a Pilar Sánchez Ulloa

Mesía, 4 de xullo de 2019. O Alcalde, Asdo./ D. Mariano Iglesias Castro."

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por nove votos a favor, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e dous abstencións, correspondentes aos concelleiros do PP e do BNG.

7. COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE, CONCELLERÍAS DELEGADAS E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000011

O Sr. Alcalde da conta dos decretos relativos aos asuntos referidos no epígrafe:

Decreto 209/2019, de 20 de xuño: Designación membros da Xunta de Goberno Local:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, A Coruña, á vista do preceptuado nos artigos 20.1.b) e 23.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 65.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 52.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, sendo competencia do Alcalde o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local ós seguintes señores/as concelleiros/as:

- D^a Pilar Sánchez Ulloa.
- D Gervasio Sánchez Barreiro.
- D José Pardo Álvarez.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente aos designados o seu nomeamento e proceder á publicación deste decreto no BOP.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre dos nomeamentos sinalados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

MESÍA, 20 de xuño de 2019.O alcalde,D. Mariano Iglesias Castro.”

Decreto 210/2019, de 20 de xuño: Nomeamento tenentes de Alcalde:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía, á vista do preceptuado nos artigos 20.1.a), 21.2 e 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 62.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 46.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, sendo competencia do Alcalde o nomeamento dos Tenentes de Alcalde.

PRIMEIRO.- Nomear como Tenentes de Alcalde aos seguintes concelleiros, membros da Xunta de Goberno Local, na orde que se determina:

- Primeira Tenente de Alcalde: D^a Pilar Sánchez Ulloa.
- Segundo Tenente de Alcalde: D Gervasio Sánchez Barreiro.
- Terceiro Tenente de Alcalde: D José Pardo Álvarez.

SEGUNDO.- Notificar persoalmente aos designados o seu nomeamento e proceder á publicación deste decreto no BOP.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000011

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre para o seu coñecemento.

MESÍA, 20 de xuño de 2019. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro."

Decreto 231/2019, de 4 de xullo: Concellerías delegadas:

"D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), de conformidade cos artigos 43.3 e 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, RESOLVO:

PRIMEIRO.-Efectuar as delegacións xenéricas nos/as señores/as concelleiros/as que a continuación se sinalan relativas ás seguintes áreas:

- *CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN, CULTURA, IGUALDADE E XUVENTUDE:
D^a Pilar Sánchez Ulloa.*
- *CONCELLERÍA DE DEPORTE:
D José Manuel Blanco López.*
- *CONCELLERÍA DE REDE VIARIA, ÁREAS RECREATIVAS E XARDÍNS:
D Gervasio Sánchez Barreiro.*
- *CONCELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE:
D José Fernando García Lesta.*

SEGUNDO.- As citadas delegacións comprenderán a dirección e xestión dos servizos correspondentes, pero non inclúe a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO.-Notificar ós designados os seus nomeamentos e proceder a súa publicación no BOP.

CUARTO.-Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

MESÍA, 4 de xullo de 2019. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro."

Decreto 232/2019, de 4 de xullo: Delegacións na Xunta de Goberno Local:

D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde do Concello de Mesía (A Coruña), en uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 e 23.2.b) da Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 43.2, 44 e 112 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Delegar na Xunta de Goberno Local, as seguintes competencias:

-O outorgamento de licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno, ditar ordes de execución e tomar coñecemento das comunicacións previas en materia urbanística ou de exercicio de calquera actividade económica, empresarial,



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000011

profesional, industrial ou comercial.

SEGUNDO.- Fixar o xoves como día de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, ás 8:30 horas, cunha periodicidade quincenal. Se o día de celebración da sesión ordinaria fose inhábil trasladarase ó día hábil seguinte, sen prexuízo de que cando as circunstancias o xustifiquen, puidera trasladarse a celebración das sesións da Xunta de Goberno Local ó día hábil máis próximo que se acordase cos seus membros.

TERCEIRO: Dar conta do presente decreto á Xunta de Goberno Local e ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

MESÍA, 4 de xullo de 2019. O alcalde, D. Mariano Iglesias Castro."

Os concelleiros quedan enterados.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as trece horas e cincuenta minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,

(FECHA: 12/07/2019 07:45:00)

Mariano Iglesias Castro

(FECHA: 11/07/2019 12:02:00)

Elaadio Bendaña Pardo

versión imprimible

CVD: tDVRXR+dmA5gAB2/2LNC
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.